B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención. CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.
B2.3. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.	CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola. CNB2.3.2. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola.
2º trimestre	
B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao	CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.

seu medio, tendo en conta o seu contorno.	CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.
B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.
B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.	CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola. CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.
B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan.	CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá. CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.
B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e cuidando o seu uso.	CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.

PLÁSTICA 2º EP	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1º trimestre	
B1.1. Identificar os diferentes materiais e formas de expresión plástica.	EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.
B1.2. Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística.	EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas. EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno.
B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.	EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades. EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.
B1.4. Identificar, describir representar o entorno natural e o entorno artificial.	EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo. EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo.
B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar,	EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.

encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).	
2º trimestre	
B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores. EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias. EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras. EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza.
B2.2. Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características.	EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario. EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.
B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas.	EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais. EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.
B2.4. Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas.	EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos. EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regla e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas. EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.
B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana.	EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.
B2.6. Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais.	EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.
B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos.	EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas.
B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo.	EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.

ÁREA DE MÚSICA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
BLOQUE 1. ESCOITA	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. 	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
	EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
	EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
	EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.
	EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa. 	EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons a escoita das audicións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría. 	EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.
	EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado. 	EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
	EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
	EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter). 	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.
	EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais. 	EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son. 	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.
	EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer e manexar a fruta doce e algún instrumento de aula. 	EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta e dos instrumentos da aula.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. 	EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.
	EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.
	EMB2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. 	EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
	EMB2.4.4. Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.
BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Realizar pequenas coreografías. 	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.
	EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. 	EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.
	EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.
	EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Explicar os relatos bíblicos de Noé e Moisés. ➤ Explicar de forma ordenada e coherente o relato do nacemento de Xesús . ➤ Apreciar a mensaxe do Nadal como a presenza do amor de Deus ás persoas. ➤ Explicar o por que da celebración da Semana Santa. ➤ Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus. ➤ Comprender e respectar o domingo, Día do Señor. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Coñece relatos bíblicos ➤ Explica de forma ordenada e coherente o relato do nacemento de Xesús. ➤ Aprecia a mensaxe do Nadal. ➤ Manifesta agradecemento a Deus Pai pola natureza mediante debuxos, oracións, xestos na clase... ➤ Describe con algúns trazos que é unha familia e que é unha comunidade cristiá. ➤ Memoriza a oración do <i>Nosopai</i>.

<ul style="list-style-type: none"> ➤ Saber que a Virxe María é Nai de Deus e Nai nosa, e valoralo. ➤ Recoñecer a Igrexa como a familia dos amigos de Xesús. ➤ Identificar a Eucaristía coa celebración cristiá por excelencia. ➤ Explicar quen foi María coñecer algú dos principais feitos da súa vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Repite oracións sinxelas para expresar amor a Deus Pai. ➤ Recoñece a importancia da Semana Santa. ➤ Recoñece a importancia do domingo. ➤ Recoñece a importancia da Virxe María. ➤ Sabe que a Virxe María é Nai de Deus e Nai nosa.
--	--

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

ESTÁNDARES, CRITERIOS E COMPETENCIAS ESENCIAIS:

<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
<ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro. • EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable. • EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adaptan ás características deses estímulos diminuíndo os tempos de resposta.
<ul style="list-style-type: none"> • B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. • EFB1 1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
<ul style="list-style-type: none"> • B5.2. Coñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB5.2.1. Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. • EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela
	<ul style="list-style-type: none"> • EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.

<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB5.1.3. Incorpora a súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1 2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. 4.Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio con coordinación e boa orientación espacial. EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.

ÁREA DE LINGUA EXTRANXEIRA – INGLÉS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	
<p>- Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</p> <p>- Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, actividades) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión axeitada do texto.</p> <p>- Identificar o sentido xeral e un repertorio limitado de vocabulario e de expresións en textos orais moi breves e sinxelos, con predominio de estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e moi lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns moi predicibles sempre que se conte con apoio visual,</p>	<p>1. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (rutinas diarias, peticións etc.).</p> <p>2. Entende a información esencial en conversacións breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, as súas mascotas, descrición moi básica de obxectos.</p> <p>3. Recoñece patróns, rítmicos e de ton básicos en diferentes contextos comunicativos.</p> <p>4. Comprende o sentido xeral e o esencial de narracións orais axeitadas ao seu nivel.</p>

<p>posibilidade de repetición e cunha importante referencia contextual.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Distinguir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática). - Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses. - Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de ton básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xenerais relacionados con estes. 	<p>5. Comprende polo contexto debuxos animados con narracións moi sinxelas</p>
---	--

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricada ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar. - Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais. - Interactuar de xeito moi básico, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversación, cumprindo a función comunicativa principal do texto (p. e. un saúdo, unha felicitación, un intercambio de información). - Producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando p. e., expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar. - Participar de forma moi básica en conversacións moi breves e moi simples que requiran un intercambio directo de información sobre temas que lle son moi familiares, utilizando maioritariamente expresións e frases illadas moi sinxelas de uso moi frecuente, sendo indispensable a repetición e cooperación do interlocutor para manter a conversación. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Reproduce as expresións do docente ou das gravacións utilizadas na aula. 3. Dramatiza situacións cotiás simples utilizando expresións moi sinxelas (p. e. xogo simbólico representando unha tenda). 4. Respecta as normas que rexen a interacción oral. 5. Responde axeitadamente en situacións de comunicación (saúdo, preguntas moi sinxelas sobre si mesmo, petición ou ofrecemento de obxectos, expresión do que lle gusta ou non, etc.). 6. Participa en conversacións cara a cara ou por medios técnicos que permitan ver a cara e xestos do interlocutor, nas que se establece contacto social (saudar e despedirse, presentarse, felicitar alguén, dar as grazas) e intercámbiase información persoal (nome, idade, etc.). 7. Coñece e utiliza expresións relacionadas coas celebración familiares ou culturais.
--	--

- Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como "e") aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático
- Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.
- Imitar un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de ton básicos.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.
- Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, actividades) , e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión axeitada do texto.
- Identificar o tema e o sentido xeral en textos, tanto impresos como dixitais, moi breves e sinxelos, con predominio de estruturas sinxelas e léxico de moi alta frecuencia, sobre temas moi coñecidos e cotiás, sendo indispensable a relectura, algunhas aclaracións e a presenza dun forte apoio visual e contextual.
- Recoñecer os símbolos de uso frecuente e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.
- Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha felicitación, unha demanda de información, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).
- Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).
- Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.

1. Comprende indicacións e información básica en letreiros e carteis habituais na clase e en colexios.

3. Le palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas (calendario, expresións sobre o tempo atmosférico) ou nos libros da clase.

4. Formula hipótese sobre o contido a partir das ilustracións, o título e outros elementos gráficos.

5. Comprende textos escritos relativos a palabras e expresións traballadas.

6. Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para ler

	<p>Instrumentos:</p> <p>Realización de probas orais e escritas ao finalizar cada unidade e durante os trimestres 1º e 2º.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Rúbricas de avaliación - Valoración do caderno do alumno/a nos trimestres 1º e 2º - Rexistro e valoración de actividades da clase nos trimestres 1º e 2º - Rexistro e valoración da entrega de tarefas propostas nos trimestres 1º, 2º e 3º - Rexistro de participación na aula nos trimestres 1º e 2º - Seguimento do blog de aula e titorías telefónicas no 3º trimestre
Cualificación final	<p>Calcularase a cualificación media dos trimestres 1º e 2º e sumarase de forma positiva, beneficiando en todo caso ao alumnado o traballo realizado no 3º trimestre.</p> <p>O alumnado poderá ter unha cualificación final positiva nas áreas non superadas nos primeiros trimestres mediante o traballo proposto de reforzo e recuperación do terceiro trimestre, e que sirva para acreditar a consecución dos estándares de aprendizaxe esenciais.</p>
Proba extraordinaria de setembro	NON PROCEDE
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Dentro da avaliación continua, establecemos os mesmos criterios de avaliación que para as materias do curso actual.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Quedarán superadas as materias pendentes de cursos pasados ao superar a mesma materia no curso actual.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Os mesmos que na avaliación ordinaria.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>- FANSE PROPOSTAS DE ACTIVIDADES, SEGUINDO AS PAUTAS DO QUE SE TRABALLABA DE XEITO PRESENCIAL. E TENDO EN CONTA O CARÁCTER GLOBALIZADO E INTERDISCIPLINAR OPORTUNO.</p> <p>- PROPÓÑENSE ACTIVIDADES DE REPASO DOS DOUS PRIMEIROS TRIMESTRES, FOMENTANDO HÁBITOS DE TRABALLO, TENTANDO MANTER O RITMO E MELLORA DA AUTONOMÍA.</p> <p>*ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</p> <p>ADEMAIS DO MENCIONADO DE XEITO XERAL:</p> <p>- CREOUSE UNHA PESTANA DEDICADA EXCLUSIVAMENTE Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO BLOG DE CADA CURSO. NELA FIGURAN AS PROPOSTAS DIDÁCTICAS PARA O ALUMNADO QUE NECESITA MAIOR ATENCIÓN.</p> <p>- FANSE PROPOSTAS DIDÁCTICAS DE CONTINUIDADE NO BLOG, NOS ÁMBITOS DE AUDIÇÃO E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA, DENTRO DO MARCO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>- CONTÁCTASE COAS FAMILIAS PARA FACER SEGUIMENTO POLOS MEDIOS ESTABLECIDOS, ABALARMÓBIL, WEB DO CENTRO, TELÉFONOS DO CENTRO, CORREO ELECTRÓNICO, TELÉFONOS PARTICULARES DOS/AS TITORES/AS.</p> <p>- DESDE O CENTRO PÓÑEMONOS EN CONTACTO COAS FAMILIAS PARA COMPROBAR O SISTEMA DE SEGUIMENTO QUE USAN, OFRÉCESE AXUDA PARA ACCEDER Á INFORMACIÓN PUBLICADA, INSTALACIÓN DE APLICACIÓNS NECESARIAS, FORMAS DE CONTACTO COS MESTRES.</p> <p>- DESDE O INICIO PROPONSE O USO DO BLOG DO CENTRO COMO MEDIO DE CONSULTA E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES TANTO GLOBAIS COMO DE AULA.</p> <p>- CADA AULA TERÁ O SEU PROPIO APARTADO E NEL DE XEITO RUTINARIO OS MESTRES E MESTRAS IRAN POÑENDO AS INDICACIÓNS, PROPOSTAS E ACTIVIDADES QUE SE REALIZARÁN DESDE A CASA.</p> <p>- CADA ESPECIALIDADE TAMÉN TEN O SEU ESPAZO PROPIO NO BLOG NO QUE OFERTA ACTIVIDADES AO ALUMNADO.</p> <p>- PROPÓÑENSE AS ACTIVIDADES E FACILITANSE MEDIOS DE RECEPCIÓN DE IMAXES E DOCUMENTOS PARA A SÚA CORRECCIÓN.</p> <p>- PARA O ALUMNADO SEN CONEXIÓN OFERTOUSE A POSIBILIDADE DE ENTREGAR MATERIAL IMPRESO.</p>

Materiais e recursos

- COMUNICACION ESCRITA ENVIADA POLO ALUMNADO O 12/03/20. DAS POSIBLES FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN.

- PÁXINA WEB DO CENTRO PARA INFORMACIÓN XERAL IMPORTANTE.

- CORREO DO CENTRO PARA DÚBIDAS, ENVÍO DE DOCUMENTOS, ...

- TELÉFONO DO CENTRO.

- BLOG DO CENTRO PARA PROPOSTAS DE ACTIVIDADES.

- MÓBIL DO CENTRO.

- CORREOS ELECTRÓNICOS PUNTUAIS DE AULA.

- REPARTO DE MATERIAIS DIDÁCTICOS A DOMICILIO EN SERVIZO DE TAXI.

- COMUNICACIÓN CONSTANTE CO CONCELLO PARA TENTAR DAR SOLUCIÓN A POSIBLES FALTAS DE CONEXIÓN OU DISPOSITIVOS.

***ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

ADEMAIS DO MENCIONADO DE XEITO XERAL:

- ENVIOUSELLE Á CASA MATERIAL DIDÁCTICO DO SEU USO COTIÁ NO CENTRO, TRABALLO DE REFORZO, RECUPERACIÓN, CONTIDOS ADAPTADOS,...

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	- INFORMARASE ÁS FAMILIAS POLOS MEDIOS ESTABLECIDOS E USADOS ATA O MOMENTO: <ul style="list-style-type: none">• ABALARMÓBIL• TELÉFONOS DO CENTRO• TITORIZACIÓN TELEFÓNICA DO ALUMNADO.
Publicidade	PUBLICACIÓN NA WEB DO CENTRO.